




Plan de Axudas

Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR–Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

> Cabana de Bergantiños	> Coristanco	> Mazariños
> Camariñas	> Dumbria	> Muxia
> Carballo	> Fisterra	> Ponteceso
> Carnota	> A Laracha	> Virmianzo
> Cee	> Laxe	> Zas
> Corcubión	> Malpica	

Edificio Servizos Múltiples,
Rúa A Torre, s/n
15129 – VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 – MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info | 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com



DUMBRÍA

PATRIMONIO

As terras de Dumbria foron habitadas desde moi temperá idade, os restos de asentamentos de pobos prehistóricos brotan na terra en forma de dólmenes, mámoas, petroglifos e castros celtas, descubrindo un impresionante patrimonio arqueolóxico e artístico.

Arqueolóxico

O monumental dolmen de Pedra da Arca de Regoelle (3.500-2.700 a.c) é un magnífico exemplo da arquitectura megalítica, sendo un dos de maior tamaño de Galicia. Dentro do mesmo período, nas inmediacións do Alto do Frago, pódense ver os gravados rupestres de Pedra Ancha. Tamén destaca o conxunto de mámoas de Olveira.

Antigas fortificacións de orixe celta abundan por todo o concello, sendo as máis significativas os Castros de Teixeiros, Logoso, Regoelle, o de Alvarellos e o Castro de Berdeogas, no que se atopou un Ara romana.

Relixioso

A igrexa de San Pedro de Buxantes (s.XVII) é unha das máis fermosas construcións de toda a comarca, atribuída a Domingo de Andrade. No seu interior alberga un coro de pedra.

A igrexa de Santiago de Berdeogas construída entre os s.XVI, s.XVII e s.XVIII, ten unha imaxe do Apóstolo Santiago vestido de peregrino, e nas inmediacións do templo a carballeira, o castro, o pombal centenario, e un gran hórreo compoñen unha estampa típica do rural galego. A influencia do Barroco Compostelán tamén se pode apreciar nos retablos de Santa Eulalia de Dumbria ou en San Mamede de Salgueiros.



> A igrexa de Santiago de Olveiroa do século XII, aínda que é reformada nos s.XVIII e s.XIX, presenta a sancristía encostada á ábsida. No seu interior atopamos retablos con esculturas.

Civil

Situada no Camiño de Santiago a ponte de Ponte Olveira (s.XVII e XVIII), escenario de batallas napoleónicas, foi levantada sobre unha antiga ponte romana; sendo a construción máis representativa da arquitectura civil.

MIRADOR DO ÉZARO

Achegarse a este miradoiro no solpor é un espectáculo único, xa que é un dos máis fermosos e espectaculares de Galicia. Desde este balcón que se asoma ao Atlántico a panorámica é increíble; á esquerda o Monte Pindo como unha monumental muralla que reflicte todos os matices dos vermello, e no horizonte o sol afundíndose na inmensidade do océano co cabo Fisterra ao lonxe e a ría de Corcubión, creando unha paisaxe impresionante.

O CAMIÑO DE SANTIAGO

Camiño de Santiago a Muxia – Fisterra ao seu paso por Dumbria está salpicado de magníficos lugares por descubrir e modernas instalacións para gozar. Aldeas de pedra, castros, pontes, cruceiros, santuarios, lendas e moita historia son os grandes atractivos deste tramo do camiño. No lugar de Hospital está o Centro de Peregrinos con toda a información útil a cerca do camiño, e os albergues municipais de peregrinos de Dumbria e Olveiroa con todos os servizos.



UN TERRITORIO PARA EXPLORAR

En Dumbria atoparás un territorio fascinante e misterioso, onde a auga determina o carácter máxico deste concello e a natureza atesoura paraxes dunha beleza increíble.

Para coñecer a fondo estas terras é moi aconsellable facer rutas a pé ou en bicicleta por determinadas zonas, por exemplo, se te achegas ao Encoro da Fervenza descubrirás un inmenso lago artificial integrado na paisaxe, moi recomendable para a observación de aves; preto de aquí a Aula da Natureza é un lugar de descanso onde coñecer mellor a flora e a fauna.

É moi recomendable achegarse a coñecer o canón do Xallas, onde descubrirás o verdadeiro esplendor deste río. Neste tramo, o Xallas transcorre encaixado entre os montes do Pindo formando numerosas cavidades no granito chamadas Pías ou Caldeiras.

Estas formacións de gran valor xeolóxico ás veces reteñen a auga, que adquire tonalidades turquesas que fan un estraño contraste coa pedra, ademais descubrirás infinidade de saltos de auga que atrapan todas as cores do arco da vella.

Esta zona é moi adecuada para practicar sendeirismo “fóra de ruta” ou para os afeccionados á deportes de risco, que atoparán aquí un lugar estupendo para a práctica de barranquismo.

Estas son só algunhas propostas, xa que se te animas a “perderte” atoparás moitos lugares extraordinarios, para xantar, pasear entre pequenas aldeas de pedra, carballeiras, e incluso un cemiterio de cores.



UNHA FERVENZA DE ALTURA, ENCANTO E LENDA

A Fervenza do Ézaro é un dos lugares máis emblemáticos e fermosos de toda a Costa da Morte, unha icona da natureza que atrae todos os anos a miles de visitantes que se achegan a contemplar este espectáculo da auga.

Pero esta fascinación non é de hoxe, personaxes ilustres como Frei Martín Sarmiento, Manuel Murguía, ou Otero Pedrayo deixaron constancia deste sentimento nos seus textos. A Fervenza é un deses lugares increíbles cheos de lendas e historia; sarracenos e vikingos fixeron incursións por estas terras e mesmo se cre que estes últimos reparaban as súas naves nun pequeno estaleiro situado no estuario do Ézaro.



FESTAS

Aínda que en Dumbria hai festas ao longo de todo o ano, hai datas sinaladas onde as celebracións teñen un punto diferente que non te podes perder.

O Entroido de Dumbria vén sendo un dos máis soados da Costa da Morte, xa que é un éxito de participación, humor e imaxinación. Comparsas, charangas, orquestras, pasarrúas, e moita cor e diversión están garantidos nesta festa tan especial.

A Festa da Praia, no Ézaro, con competicións deportivas de nivel nacional como o Campionato de Volei Praia, xogos na area e Fútbol Praia, ademais de sardiñadas e verbenas, unha combinación moi recomendable. A Festa da Familia na fermosa Carballeira de Berdeogas, é unha xuntanza para gozar do xantar campestre, do son das gaitas, das orquestras e das actividades ao aire libre.



DEPORTE

Falar de Dumbria é falar de deporte, podería dicirse que este concello é o corazón deportivo da Costa da Morte. Non é casual que a Volta Ciclista a España, pasara por Dumbria durante tres edicións.

Eventos como o Gran Fondo Ézaro congrega cada ano a miles de participantes que se apuntan a vivir este desafío, escalando rampas cunha inclinación de ata o 29% para alcanzar a meta no Mirador do Ézaro. Ademais, o Campionato Galego de Volei praia, o Campionato Galego de Piragüismo e o Campionato Mundial de Pesca a Mosca atraen cada ano a miles de afeccionados. E para os aventureiros nada mellor que atreverse a probar Kayak na Fervenza, rutas BTT, sendeirismo, pádel na pista á beira da fervenza ou barranquismo que no tramo final do Xallas é un atractivo moi tentador.

CIR

No Ézaro, atópase o Centro de Interpretación de Rutas do Monte Pindo e Fervenza do Ézaro. Nel poderemos ampliar a información sobre as rutas e descubrir outras novas. Tamén atoparemos información da súa fauna, flora, historia, lendas, curiosidades, paneis interactivos e vídeos.

PRAIA

Ao abrigo do Monte Pindo e moi preto da Fervenza atópase a praia do Ézaro de area fina e augas tranquilas e cristalinas, que ten Bandeira Azul e conta con todos os servizos. Esta praia é ideal para desconectar con actividades tan refrescantes como intensas; atrévete co Kayak na Fervenza, as subidas guiadas ao Monte Pindo, unha visita ao Centro de Interpretación de Rutas, unha pista de pádel.

PEDRA DO BRAZAL

A escasos metros do Camiño de Santiago, na ladeira do Monte Castelo atópase este milagre de equilibrio natural. En menos dun metro cadrado unha enorme pedra de 6,5 m cabalga en perfecta harmonía sobre outra gran pedra formando esta espectacular escultura natural de máis de 100 toneladas.

GDR

COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: **Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.**

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 ----- MEGALÍTICA
-  R2 ----- DO ROMÁNICO
-  R3 ----- DA PAISAXE
-  R4 ----- DOS FAROS
-  R5 ----- FÁBRICA DA LUZ
-  R6 ----- DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 ----- CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 ----- SANTO HADRIÁN
-  R9 ----- OS PINOS NO MAR
-  R10 ----- DAS PRAIS
-  R11 ----- DAS FÉRVEDAS

QR

Amplía información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Faro |
|  | Horreo |  | Paisaxe |
|  | Museo do Alemán |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |
|  | Pedras Máxicas | | |

